



I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

LEI 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Exposición de motivos

I

Os orzamentos requiren, para a súa completa aplicación, a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que pola súa natureza deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

O debate doutrinal verbo da natureza das chamadas «leis de acompañamento» foi resolto polo Tribunal Supremo, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se determinan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2012, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que tamén se incorporan outras de natureza administrativa.

II

Esta norma legal contén dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás medidas de carácter administrativo. O título I consta de dous capítulos: o primeiro relativo aos tributos cedidos e o segundo, aos tributos propios. O título II consta de seis capítulos, dedicados, respectivamente, ao réxime financeiro e orzamentario, ás subvencións, ao xogo, ao medio ambiente, á ordenación farmacéutica e á saúde. Tamén contén dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

Polo que atinxe ás medidas fiscais, incluídas no título I, cómpre sinalar como máis destacadas as seguintes:

En relación co imposto sobre a renda das persoas físicas, modifícase a dedución xa existente relativa ao investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista, co obxecto de aumentar de forma significativa o número de posibles beneficiarios, e suprímese o requisito de posuír polo menos un 1% do capital, co que se facilita o acceso á dedución de pequenos investidores. Así mesmo, ampliábase de dous a tres anos o prazo de mantemento do investimento, co fin de que a vinculación coa empresa sexa máis duradeira, e rebáixase a porcentaxe de dedución do 20% ao 15%, que se aplicará en catro anos, para mitigar o impacto fiscal da medida como consecuencia do aumento dos seus posibles beneficiarios.

En canto ao imposto sobre o patrimonio, modifícase o mínimo exento como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto lei 13/2011, do 16 de setembro, polo que se restablece o imposto sobre o patrimonio, con carácter temporal, e equipárase á normativa estatal.

No que atinxe ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, asimílanse os créditos hipotecarios aos préstamos hipotecarios nos beneficios fiscais que afectan estes últimos, tanto nos beneficios propios da Comunidade Autónoma coma nos estatais, sempre que os créditos vaian destinados á adquisición de vivenda habitual. Convértese en indefinida a dedución na modalidade de actos xurídicos documentados para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos que foron destinados á adquisición de vivenda. Introdúcese un novo beneficio fiscal (dedución do 100% en actos xurídicos documentados) para os créditos e os préstamos hipotecarios cando se modifique o sistema de amortización ou calquera outra condición financeira do préstamo ou crédito.

No que respecta aos tributos sobre o xogo, revícase a normativa autonómica co obxecto de adaptala aos novos tipos de xogos autorizados en Galicia, como, por exemplo, o bingo electrónico, ou aos que está previsto autorizar –proxección de modificación das disposicións sobre máquinas na Lei galega do xogo e proxección de regulamentación do xogo das apostas–, e á nova normativa estatal en materia de xogo –na que se crea o imposto sobre as actividades de xogo–.

Deste xeito, pode destacarse o seguinte: modifícase a tributación das apostas, á semellanza da normativa estatal, adáptase a tributación actual sobre máquinas e bingo, fixando a tributación para os novos tipos de máquinas e para o bingo electrónico, e establécense regras especiais para a tributación dos xogos cando se desenvolvan en todo ou en parte mediante servizos de comunicación sobretarifados ou con tarificación adicional, á semellanza da normativa estatal.

Por outra banda, establécense tamén medidas procedementais e obrigas formais. Como principais cómpre sinalar que se lles introduce unha nova obriga formal ás entidades que realicen poxas de bens móbiles para que informen das transaccións realizadas, dos seus intervinientes e dos importes destas, coa finalidade de facilitar o control fiscal desas transmisións.

Con este obxectivo e co compromiso adoptado da loita contra a fraude, establécense as obrigas de presentar declaracións informativas en materia de xogo, por un lado, para os notarios, ante os que deben depositarse as bases dos sorteos, dos concursos e de calquera outro xogo, e, por outra banda, para outros axentes de mercado, colaboradores necesarios na organización dos xogos a través de servizos de comunicación con tarificación adicional e a través doutros medios de comunicación remota (internet).

Polo que se refire ás taxas administrativas, as modificacións introducidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, obedecen ben á creación de novas taxas ou ben á modificación das vixentes. Polo seu impacto económico, destacan:

– En materia de infraestruturas, aplicaráselles a taxa por ocupación, uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma aos supostos do dominio público viario cunha recadación prevista de 1.932.62,1 euros.

– En materia de augas, en primeiro lugar aplicarase a tarifa por dirección de contratos de servizo, cunha previsión de .215 euros de recadación. Ademais, establécese a tarifa aplicable aos beneficiarios das obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia cuns ingresos esperados de 1.0.6 euros.

Respecto do canon da auga e do coeficiente de vertedura, realízanse, entre outras, as seguintes modificacións: considérase a exención para os suxeitos que se atopen en réxime de exclusión social dáselle o mesmo tratamento ao coeficiente de vertedura en canto á aplicación dos supostos de non suxeición e exencións modifícase o tipo de gravame variable aplicable na acuicultura coa súa vinculación á produción e non ao volume captado ou vertido establécese como substituto do contribuínte, no caso de captacións propias deste, a empresa que presta o servizo de sumidoiro establécese un réxime transitorio para reducir o impacto da aplicación do coeficiente de vertedura cando as instalacións de depuración estean xestionadas por Augas de Galicia e, por último, equipárase o réxime de anulacións e baixa de liquidacións tributarias previsto na Lei de augas ao establecido, con carácter xeral, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

En canto ás medidas administrativas que se recollen no título II, cómpre destacar:

No relativo ao réxime orzamentario, procédese á adaptación do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia ao previsto na Lei 16/2010, do 1 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e establécese expresamente as obrigas orzamentarias de cada tipo de entidade do sector público galego, a información plurianual que teñen que conter os seus estados, o seu contido e prazo de remisión, así como o réxime das modificacións orzamentarias e as cláusulas que deben conter os convenios co sector público autonómico.

Por outra parte, en materia de subvencións, realízanse diversas modificacións de carácter non substantivo dirixidas a adecuar o ámbito subxectivo da Lei de subvencións ao previsto na Lei 16/2010, do 1 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a establecer unha remisión de carácter xeral á Lei de contratos do sector público e a trasladarlle ao articulado da lei, co obxecto de darlle carácter permanente, un precepto que recorrentemente se incluía nas últimas leis de orzamentos.

Respecto das competencias administrativas en materia de xogo, o capítulo III do título II realiza diversas modificacións da nosa lei reguladora co fin de establecer o requisito de autorización da Comunidade Autónoma para a instalación e apertura de locais ou terminais para a realización de xogos de ámbito estatal de actualizar o concepto de xogo, integrando nel os que se realicen por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos de autorizar en locais de hostalaría a instalación de terminais de xogo distintos das máquinas recreativas, e deixar as condicións ao que se determine regulamentariamente de establecer a autorización administrativa previa para a publicidade do xogo e a nova clasificación das máquinas recreativas, coa incorporación de novas categorías e coa remisión a decreto da posibilidade de incorporar novos tipos de máquinas e de modificar o concepto de xogo do bingo, realizado tradicionalmente de forma presencial, para dar cabida a modalidades deste xogo que poidan utilizar outras canles de explotación distintas das do presencial.

O capítulo I do título II, dedicado ao medio ambiente, contén dúas modificacións legais dirixidas á racionalización dos procedementos de avaliación ambiental en primeiro lugar, para matizar o procedemento de avaliación ambiental aplicable aos instrumentos de ordenación do territorio, e, en segundo lugar, para modificar a tipoloxía dos procedementos de avaliación ambiental.

No ámbito da ordenación farmacéutica, modifícanse varios preceptos da Lei 5/1999, coa finalidade de fixar a obriga dun establecemento propio de farmacia naqueles centros hospitalarios, de asistencia social e psiquiátricos que teñen cen ou máis camas, na liña do establecido noutras comunidades autónomas –na norma galega estaba establecido en cincuenta camas–. Ademais, a aplicación da medida relativa ao depósito de fármacos permitirá obter aforro económico para o Sergas, como consecuencia de que os medicamentos adquiridos polo servizo de farmacia do centro hospitalario teñen un menor custo cós adquiridos a través de receita oficial e despachados en oficinas de farmacia, posto que non levan a marxe de distribución.

Ademais, no mesmo ámbito, modifícase o precepto relativo aos horarios e servizos de garda das farmacias, co fin de que as existentes en zonas rurais gocen dun réxime distinto logo da autorización das unidades responsables da Consellería de Sanidade. Por último, adáptase o réxime sancionador á normativa estatal.

No que atinxe ás competencias en materia de saúde, incorpórase na Lei de saúde unha nova alínea no precepto relativo aos titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria, de maneira que se precisan os criterios que determinan o concepto de residencia en Galicia, aproximándoos ao concepto de residencia habitual da normativa tributaria, para evitar a fraude na declaración sobre o estado membro onde reside o usuario dos servizos.

Dentro das disposicións derogatorias destaca a derogación da Lei autonómica de protección contra a contaminación acústica, de 1999, para evitar os resultados diverxentes e mesmo incompatibles da súa aplicación con respecto á normativa estatal básica desenvolvida a partir da Lei 3/2003. Esta derogación acompáñase do compromiso de que nun ano se aprobe un decreto en Galicia que adapte a normativa e estableza as normas adicionais oportunas.

Tamén se derroga o procedemento de avaliación de efectos ambientais, que foi esbozado nos artigos 10 a 12 da Lei 1/1995, sen contido material, posto que a normativa xa prevé a posibilidade de someter á avaliación de impacto ambiental proxectos que non o estean segundo a normativa básica estatal, conforme o previsto no anexo II, grupo 9, letra n) do vixente texto refundido da Lei de avaliación ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto 1/200, do 11 de xaneiro. E tamén se derroga un precepto da Lei de medidas do 2002, para adecuar ao disposto na Lei 2/2011, de economía sustentable, o desempeño das funcións do profesorado de ensino secundario e do profesorado técnico de formación profesional.

Por último, para garantir, no que atinxe ao persoal, unha homoxeneidade no proceso de adecuación das entidades instrumentais en materia de augas á que se refire a disposición derradeira terceira desta lei, resulta necesario introducir unha disposición derogatoria de parte da regulación que respecto disto realiza a Lei 9/2010, do de novembro, de augas de Galicia.

Na disposición transitoria primeira régúlase a continuación, ata a súa finalización, dos procedementos de avaliación de efectos ambientais que se estean tramitando á entrada en vigor desta lei e na disposición transitoria segunda fíxanse os tipos bonificados no imposto sobre o bingo e na taxa que grava os xogos de sorte, envite ou azar para o exercicio 2012.

Nas disposicións derradeiras cómpre destacar a creación de subescalas dentro das escalas de seguridade e saúde no traballo, co fin de recoller as singularidades que presentan en canto á titulación as distintas disciplinas preventivas.

Ademais, modifícase, dentro destas disposicións derradeiras, a Lei /2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o ondo de Compensación Ambiental, de xeito que, por unha parte, se amplían as actuacións de protección do medio ambiente ás que pode destinarse o ondo de Compensación Ambiental, e, por outra parte, se permite que a comisión de seguimento de execución dos proxectos de desenvolvemento industrial tamén poida coñecer o estado de execución dos demais criterios de selección vinculados aos parques eólicos adxudicados. Así mesmo, incorpórase ao texto da Lei eólica unha nova disposición transitoria, que permite a suspensión da tramitación dos procedementos de autorización de parques eólicos desde o anuncio de exposición pública da proposta de ampliación do ámbito da Rede Natura 2000.

Por último, modifícase a disposición adicional sétima da Lei 16/2010, do 1 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, co obxecto de posibilitar que as entidades públicas empresariais suxeiten a súa actividade contractual á lexislación de contratos do sector público como administración pública, cando así se dispoña nunha norma con rango de lei, en atención ás

características da entidade, da súa actividade, ou en atención aos fins institucionais de carácter público que a súa actividade contractual persiga. Igualmente, modifícase a disposición transitoria terceira desta lei, de cara a dotar de maior seguridade xurídica o proceso de adecuación da regulación das entidades instrumentais, creadas con anterioridade á súa entrada en vigor, ás determinacións contidas no título III da mencionada norma.

Para a elaboración desta lei solicitaróense os ditames do Consello Galego da Competencia e do Consello Económico e Social de Galicia.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 2 da Lei 1/193, do 22 de febreiro, reguladora da unta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El Rei a Lei de medidas fiscais e administrativas.

TTLO I
MEDIDAS ISCAIS

CAPTLO I
TRITOS CEDIDOS

Artigo 1. Imposto sobre a renda das persoas físicas.

Modifícase a alínea Once do artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 2 de xullo, que queda redactada como segue:

«Once. Dedución por investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite de .000 euros, o 15% das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións como consecuencia de acordos de ampliación de capital subscritos por medio do segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista, aprobado por acordo do Consello de Ministros do 30 de decembro de 2005.

A dedución total calculada conforme o parágrafo anterior ratearase por partes iguais no exercicio no que se realice o investimento e nos tres exercicios seguintes.

2. Para poder aplicar a dedución á que se refire a alínea 1 deben cumprirse os seguintes requisitos:

- a) A participación conseguida polo contribuínte na sociedade obxecto do investimento non pode ser superior ao 10% do seu capital social.
- b) As accións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período de tres anos, como mínimo.
- c) A sociedade obxecto do investimento debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia, e non debe ter como actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto polo artigo ..Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

Os requisitos indicados nas letras a) e c) anteriores deberán cumprirse durante todo o prazo de mantemento indicado na letra b), contado desde a data de adquisición da participación.

d) As operacións nas que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na que se debe especificar a identidade dos investidores e o importe do investimento respectivo.

3. O incumprimento dos requisitos anteriores comporta a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte debe incluír na declaración do imposto correspondente ao exercicio no que se produciu o incumprimento a parte do imposto que se deixou de pagar como consecuencia da aplicación da dedución practicada, xunto cos xuros de mora percibidos.

. A dedución contida neste artigo resultará incompatible, para os mesmos investimentos, coa dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación».

Artigo 2. Imposto sobre o patrimonio.

Modifícase o artigo 13 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 2 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 13. Mínimo exento.

O mínimo exento no imposto sobre o patrimonio establécese en 00.000 euros ».

Artigo 3. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

n. Modifícase a alínea Dous do artigo 15 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 2 de xullo, que queda redactada como segue:

«Dous. Tipo de gravame aplicable na primeira adquisición de vivenda habitual.

Nas primeiras copias de escrituras que documenten a primeira adquisición de vivenda habitual ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento, suxeitas ao imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, o tipo de gravame aplicable será do 0,5% ».

Dous. Modifícase a alínea Cinco do artigo 1 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 2 de xullo, que queda redactada como segue:

«Cinco. Dedución para a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos ou créditos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual.

1. No imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, aplicarase unha dedución do 100% da cota, sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- a) ue a operación se refira á constitución dun préstamo ou crédito hipotecario.
- b) ue a finalidade do préstamo ou crédito sexa a cancelación doutro préstamo ou crédito hipotecario destinado ao financiamento da adquisición dunha vivenda habitual.

2. No caso de que o novo préstamo ou crédito hipotecario sexa dunha contía superior á necesaria para a cancelación total do préstamo anterior, a porcentaxe de dedución aplicarase exclusivamente sobre a porción de cota que resulte de aplicarlle a esta o resultado do cociente entre o principal pendente de cancelación e o principal do novo préstamo ou crédito».

Tres. Engádesse unha nova alínea Seis ao artigo 1 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 2 de xullo, co seguinte contido:

«Seis. Dedución nas operacións de subrogación e modificación de préstamos e créditos hipotecarios concedidos para o investimento en vivenda habitual.

1. Aplicaráselles unha dedución do 100% na cota do imposto sobre actos xurídicos documentados na modalidade de documentos notariais ás escrituras de créditos hipotecarios que recollan as operacións ás que se refiren os artigos 8 e 9 da Lei 2/199, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios e sempre que se trate de créditos concedidos para o investimento en vivenda habitual. Este beneficio fiscal aplicarase nos mesmos termos e condicións cós recoñecidos para os préstamos hipotecarios nos devanditos artigos.

2. Aplicaráselles unha dedución do 100% na cota do imposto sobre actos xurídicos documentados na modalidade gradual de actos xurídicos documentados ás escrituras públicas de novación modificativa de préstamos ou créditos hipotecarios concedidos para o investimento en vivenda habitual, pactados de común acordo entre acredor e debedor, sempre que o acredor sexa unha das entidades á que se refire o artigo 1 da Lei 2/199, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, e a modificación se refira ao método ou sistema de amortización e a calquera outras condicións financeiras do préstamo ou crédito».

Catro. Modifícase a alínea Tres do artigo 16 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 2 de xullo, que queda redactado como segue:

«Tres. onificación aplicable á transmisión ou á cesión temporal de predios integrantes do anco de Terras de Galicia.

1. As transmisións en propiedade ou a cesión temporal de predios integrantes do anco de Terras de Galicia, a través dos mecanismos previstos na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, gozarán dunha dedución na cota tributaria do 95% no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Este beneficio fiscal será incompatible con calquera outro que lles puidese ser aplicable a esas adxudicacións ou ao encargo de mediación.

2. A aplicación do devandito beneficio fiscal quedará condicionada ao mantemento, durante un período mínimo de cinco anos, do destino agrario do predio, agás nos supostos de expropiación para a construción de infraestruturas públicas ou para a edificación de instalacións ou construcións asociadas á explotación agraria.

3. No caso de incumprimento da antedita condición, a persoa beneficiaria deberá ingresar o importe do beneficio gozado e mais os xuros de mora, mediante a presentación dunha autoliquidación complementaria, no prazo de trinta días hábiles desde o incumprimento da condición».

Artigo . Taxa fiscal sobre o xogo.

n. Modifícase o artigo 19 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 2 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 19. Taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias.

n. Exencións.

uedan exentos do pagamento destas taxas:

1. As rifas organizadas ou realizadas sen ánimo de lucro con motivo de acontecementos educativos, sociais ou festivos, sempre que o produto íntegro da venda dos billetes ofrecidos non supere os 12.000 euros e o premio ofrecido teña un valor inferior a 1.500 euros.

2. A realización de sorteos, tómbolas e rifas que organice a Cruz ermella, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

3. Os sorteos de amortización e capitalización que estean legalmente autorizados.

. A realización de tómbolas diocesanas de caridade, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Dous. ase imponible.

Con carácter xeral, a base imponible virá constituída polo importe total das cantidades que os xogadores ou as xogadoras dediquen á súa participación nos xogos. Establécense as seguintes regras especiais:

a) Nas rifas e tómbolas a base imponible virá constituída polo importe total dos boletos ou billetes ofrecidos.

b) Nas combinacións aleatorias a base imponible virá constituída polo valor dos premios ofrecidos. Para estes efectos entenderase por valor dos premios o valor de mercado destes, e incluírase así mesmo a suma de todos os gastos necesarios para a posta á disposición do premio.

c) Nas apostas a base imponible poderá vir constituída:

c.1) Polo importe total dos billetes, boletos ou xustificantes de participación vendidos, calquera que sexa o medio a través do que se realizen.

c.2) Pola diferenza entre a suma total das cantidades apostadas e o importe dos premios obtidos polos participantes no xogo.

d) Cando a participación en calquera dos xogos gravados por este tributo se realice, na súa totalidade ou en parte, mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarificación adicional, a base imponible virá determinada polo valor dos premios ofrecidos, e incluíranse así mesmo a suma de todos os gastos necesarios para a organización e realización do xogo e para a posta á disposición do premio e mais os importes percibidos correspondentes á sobretarifación da participación no xogo, excluído o imposto indirecto sobre o valor engadido ou calquera outro imposto indirecto deste carácter que grave as operacións realizadas.

Para a determinación das bases poderán ser empregados os réximes de estimación directa ou de estimación obxectiva, regulados na Lei xeral tributaria. Poderán igualmente determinarse, mediante convenios, servindo en todo caso como signos, índices ou módulos, o número e o valor dos billetes, boletos ou xustificantes de participación, calquera que sexa o medio a través do que se expedisen ou emitisen, o importe dos premios e as bases de poboación. Nos supostos de participación a través de medios técnicos, telemáticos, interactivos ou de forma remota, estes medios deberán conter o procedemento ou os elementos de control necesarios que garantan a exactitude na determinación da base imponible. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá dispoñer dun sistema informático que lle permita á Administración tributaria o control telemático da xestión e o pagamento do tributo correspondente.

Tres. Tarifas.

1. Rifas e tómbolas.

a) As rifas e tómbolas tributarán con carácter xeral ao 10% do importe total dos boletos ou billetes ofrecidos.

b) Nas tómbolas de duración inferior a quince días organizadas con ocasión de mercados, feiras ou festas de ámbito local e sempre que os seus premios non excedan dun valor total de 3.000 euros, o suxeito pasivo poderá optar entre satisfacer a taxa conforme o tipo sinalado na letra a) anterior ou ben a razón de 300 euros por cada día de duración en capitais de provincia ou poboacións con máis de 5.000 habitantes, 210 euros en poboacións entre 15.000 e 5.000 habitantes e 90 euros por cada día de duración en poboacións inferiores a 15.000 habitantes.

2. Apostas.

Nas apostas o tipo será con carácter xeral dun 5%, aplicable á base imponible establecida na letra c.1) da alínea Dous anterior. O tipo para as apostas deportivas ou de competición será dun 10%, aplicable á base imponible establecida na letra c.2) da alínea Dous anterior.

3. Combinacións aleatorias.

Nas combinacións aleatorias o tipo será do 12% do valor dos premios ofrecidos.

. Participación en xogos mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarificación adicional.

O tipo de gravame para calquera dos xogos gravados por este tributo nos que se participe, na súa totalidade ou en parte, mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarificación adicional será do 12%, aplicable á base imponible establecida na letra d) da alínea Dous anterior.

Catro. Devengo.

A taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, cando o seu rendemento lle corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia, devengarase:

a) Nas rifas, tómbolas e combinacións aleatorias, ao concederse a autorización necesaria para a súa realización. En defecto de autorización, devengarase cando se realicen, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que procedesen.

b) Nas combinacións aleatorias que non precisen autorización e nas apostas, no momento en que se organicen ou se inicie a súa realización.

Dous. Modifícase o artigo 20 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 2 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 20. Taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar.

n. Exencións.

uedan exentos do pagamento da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar os xogos excluídos do ámbito de aplicación da Lei reguladora do xogo de Galicia.

Dous. ase imponible.

A base imponible da taxa será a seguinte:

No caso do xogo en casinos ou do xogo da lotaría instantánea electrónica, virá constituída polos ingresos brutos que obteñan os suxeitos pasivos. Entenderase por ingresos brutos a diferenza entre o importe total dos ingresos obtidos procedentes do xogo e as cantidades satisfeitas aos xogadores ou ás xogadoras polas súas ganancias.

No xogo do bingo a base imponible virá constituída pola suma total do satisfeito polos xogadores ou polas xogadoras pola adquisición dos cartóns ou polo valor facial destes.

Na modalidade de bingo electrónico, a base imponible virá constituída polo importe anterior, descontada a parte destinada a premios.

Nos xogos e concursos difundidos mediante radio ou televisión e nos que a súa participación se realice, na súa totalidade ou en parte, mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarificación adicional, a base imponible virá determinada pola suma do valor dos premios e mais polas cantidades correspondentes á sobretarifación da participación no xogo.

No resto dos supostos a base imponible virá constituída polas cantidades que os xogadores ou as xogadoras dediquen á súa participación nos xogos que se realicen nos distintos locais, en instalacións ou en recintos onde se realicen xogos de sorte, envite ou azar.

A base imponible determinarase con carácter xeral por estimación directa. Nos supostos do bingo electrónico e dos xogos desenvolvidos a través da internet, por medios técnicos, telemáticos, interactivos ou dunha forma remota, estes medios deberán conter o procedemento ou os elementos de control necesarios que garantan a exactitude na determinación da base imponible. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá dispoñer dun sistema informático que lle permita á Administración tributaria o control telemático da xestión e o pagamento do tributo correspondente.

A base imponible poderá determinarse mediante estimación obxectiva por medio da aplicación das magnitudes, dos índices, dos módulos ou dos datos previstos regulamentariamente.

Tres. Tipos de gravame e cotas fixas.

1. Tipo xeral.

O tipo de gravame xeral será do 20%.

2. Casinos de xogo.

Nos casinos de xogo aplicarase a seguinte tarifa:

Porción de base imponible comprendida entre euros	Tipo aplicable porcentaxe
Entre 0 e 1.6.20	22
Entre 1.6.20,01 e 2.5.016	3
Entre 2.5.016,01 e 5.53.	9
Máis de 5.53.	60

3. Máquinas ou aparellos automáticos.

Nos casos de explotación de máquinas ou aparellos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das máquinas, realizada pola Lei 1/195, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, segundo as normas seguintes:

A. Máquinas tipo «A especial»: a contía que se debe pagar por este tipo de máquinas será a que resulte de multiplicar por 0,5 as contías sinaladas na letra seguinte para as máquinas tipo « » segundo proceda consonte as súas características. No caso de que o valor do premio non supere os 0 euros, a contía que se deberá pagar será de 500 euros.

. Máquinas tipo « » ou recreativas con premio:

a) Cota anual: 3.0 euros.

b) Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos tipo « », nos que poidan intervir dous ou máis xogadores ou dúas ou máis xogadoras de forma simultánea e sempre que o xogo de cada un deles sexa independente do realizado por outros, serán aplicables as seguintes cotas:

1. Máquinas ou aparellos de dous xogadores ou de dúas xogadoras: dúas cotas, de acordo co previsto na letra a).

2. Máquinas ou aparellos de tres ou máis xogadores ou xogadoras: .60 euros, máis o resultado de multiplicar por 3.00 o produto do número de xogadores ou xogadoras polo prezo máximo regulamentario da partida.

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

$$B_i = L \cdot \left(B_i + \frac{B_i}{n} \right) \cdot C_d \cdot C_u \cdot C_r$$

$$C_d = \sqrt{\frac{\phi_n}{\phi_0}} \leq 3$$

